



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquer
D. José Tojo Suárez
D. Manuel González Piñeiro
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
Dª Mª Teresa Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José Mª Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
Dª Mª do Carmo Henríquez Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, a celebra-lo dezaseis de marzo de mil novecentos noventa e oito, ás 10.00 horas en primeira convocatoria e ás 10.30 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 16 de marzo de 1998**, ás 10.55 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Asuntos do Vicerrectorado de Profesorado: Praza BOE; Transformacións; e Permisos.
- 2º.- Aprobación, se procede, da Emisora universitaria de Frecuencia Modulada.
- 3º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenios de colaboración co "Concello de Ourense", coa "Fundación San Rosendo" e coa "Xunta e Galicia".
- 4º.- Aprobación, se procede, de modificación da Normativa de Cursos de Especialización e Masters (aprobada en Xunta de Goberno do 7.6.93 e modificada 8 e 13.6.95).
- 5º.- Aprobación, se procede, de normas sobre cambio de quenda nas Centros da Universidade.

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

T06	500	CAT-UN	Pontevedra	- - -
X03	150	CAT-UN	- - -	- - -
C01	410	TIT-UN	Vigo	Soengas Fernández, José Luis
C01	660	TIT-UN	Vigo	García Estévez, José Manuel
C08	755	TIT-UN	Vigo	Liz Marzán, Luis Manuel
H02	567	TIT-UN	Vigo	Báez Montero, Inmaculada C.
H02	567	TIT-UN	Vigo	Pérez Rodríguez, Rosa
H04	345	TIT-UN	Vigo	Martín Lucas, Mª Belén
H06	814	TIT-UN	Vigo	Miquel Verges, Joan
T01	305	TIT-UN	Vigo	Bouza Rodríguez, José Benito
T06	500	TIT-UN	Pontevedra	Baso López, Carlos
T08	385	TIT-UN	Vigo	López Vázquez, José Carlos
T10	595	TIT-UN	Vigo	Prieto Gómez, Cristina
T10	595	TIT-UN	Vigo	Vidal Vázquez, Ricardo

T12	800	TIT-UN	Vigo	Rodríguez Rodríguez, José Luis
X03	140	TIT-UN	Ourense	Rabanal Carballo, Pedro Francisco
X03	150	TIT-UN	- - -	Fernández López, Roberto Ignacio
X03	150	TIT-UN	- - -	Lete Achirica, Carlos
X10	105	TIT-UN	Pontevedra	Pena Rodríguez, Alberto
X10	675	TIT-UN	Pontevedra	Ramos Fernández, Fernando
X11	070	TIT-UN	Pontevedra	López Mira, Alvaro Xosé
C01	090	CAT-EU	Pontevedra	- - -
X08	415	CAT-EU	Vigo	- - -

Na praza do Dpto. X07 "Economía Financeira e Contabilidade", A230 "Economía Financeira e Contabilidade", CAT-UN, Vigo, prodúcese un debate no que intervén D. Miguel Angel Crespo Domínguez *"pedindo a modificación do perfil da praza"*, e D. José Antonio Rodríguez Sánchez *"pedindo que se manteña a proposta do Departamento"*.

Prodúcese unha votación, co seguinte resultado:

-a favor da proposta do Departamento:	24 votos
-en contra:	4 votos
-en branco:	6
-abstencións:	2

Fai consta-la súa abstención D^a M^a do Carmo Henríquez Salido.

Apróbase a saída a BOE da praza X07, A230, CAT-UN, Vigo.

Na praza do Dpto. T06 "Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente", A505 "Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría", TIT-EU, Vigo, "Méritos", pídese votación, que obtén o seguinte resultado:

-a favor da saída:	21 votos
-en contra:	3 votos
-abstencións:	3

Apróbase a saída a BOE da praza T06, A505, TIT-EU, Vigo, "Méritos".

Tamén se aproban as seguintes transformacións de prazas:

C01	410	Durán Barbosa, Rafael	de ASO-T3 T a TIT-EU(I)
C01	410	Lamas Castro, José Antonio	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	575	Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	814	De Agustín Guijarro, Javier	de PP1 a TIT-UN(I)
H06	814	Cruces Colado, Susana	de PP1 a PP2
H06	814	Luna Alonso, Ana	de PP1 a PP2
T06	505	Llano de la Concha, Rafael	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
T11	785	González García, Marco A.	de ASO-T a TIT-EU(I)
X01	680	Failde Garrido, José María	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X03	140	Garriga Domínguez, Ana	de PP1 a PP2
X04	215	Doval Ruíz, M ^a Isabel	de AXU-EU a PP1
X10	735	Tellado González, Fernando	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6

Sobre a transformación da praza de PP2 a TIT-UN(I), do Dpto. H06 "Traducción,

Lingüística e Teoría da Literatura", A575 "Lingüística Xeral" e ocupada por D. Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, a profesora Henríquez Salido presenta voto particular (anexo I).

Apróbase o permiso solicitado pola profesora D^a M^a Luisa Andrade Couce, do 10.09.98 ó 10.12.98.

D. Luis Bernal Conde presenta no **punto 2** a Memoria da Emisora Universitaria.

Apróbase por asentimento a Memoria da Emisora Universitaria (anexo II) para o ámbito dos tres Campus, como unha emisora única e crearíase un estudio no Campus de Vigo (no Pavillón Universitario que mentres non estea construído estará na E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación), outro en Torrecedeira, outro en Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e outro no Campus de Ourense.

Presenta o **punto 3** o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez.

D. Xosé Manuel Cid Fernández fai constar que o tema non se tratou no Consello de Campus.

Faise unha votación sobre a sinatura dos convenios, co seguinte resultado:

-a favor:	19 votos
-en contra:	0 votos
-abstencións:	8

Fai consta-la súa abstención D. Juan Janeiro Vilaboa.

Apróbase a sinatura de convenios de colaboración co "Concello de Ourense" (anexo III), coa "Fundación San Rosendo" (anexo IV) e coa "Xunta de Galicia" (anexo V).

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro, presenta o **punto 4**, Modificación da Normativa de Cursos de Especialización e Master, indicando que debido a un erro, aprobado en Xunta de Goberno o título de "Experto" do "Master en Urxencias, Emerxencias e Catástrofes", con soamente 12 créditos cando a normativa pedía un mínimo de 20 créditos.

O Vicerrector pide a modificación do Regulamento de Títulos Propios e Cursos de Formación.

D. Cándido Pérez Betanzos indica que non hai documentación deste asunto.

Propонese entón a "Conformación específica no apartado 6 do curso 'Master en Urxencias, Emerxencias e Catástrofes', no que se refire ó título de experto, permitíndolle 12 créditos".

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da modificación:	21 votos
-en contra:	2 votos
-abstencións:	7

D. Alejandro V. Gómez Soler e D. Jesús Alfaya Fernández "fan consta-lo seu voto en contra", e D. Horacio A. Villar Suárez "fai constar que o aprobado non figura na orde do día".

Apróbase a modificación do Regulamento de Títulos Propios e Cursos de Formación

(aprobado en Xunta de Goberno do 7.6.93 e modificado 8/13.6.95) do seguinte xeito: "*Conformación específica no apartado 6 do curso 'Master en Urxencias, Emerxencias e Catástrofes', no que se refire ó título de experto, permitíndolle 12 créditos*".

No **punto 5**, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro di que se presentaron numerosas instancias pedindo cambio de quenda nos Centros da Universidade de Vigo.

Propón redactar unhas normas sobre o tema e que, de xeito urxente neste curso 1997/98, "se permita o cambio de quenda por motivos de saúde, traballo e para os deportistas de alto nivel, sempre que estea debidamente xustificada; acórdase tamén que a Comisión de Ordenación Académica e Validacións elabore unha norma con carácter xeral na que se consideren outras posibilidades, así como os prazos de reclamación e o sorteо da letra para forma-los grupos que se presentará para a súa aprobación en Xunta de Goberno".

Faise unha votación co seguinte resultado:

- | | |
|-----------------------|----------|
| -a favor da proposta: | 21 votos |
| -en contra: | 7 votos |
| -abstencións: | 1 |

Apróbase e decídese tomar como partida as normas propostas por D. Horacio A. Villar Suárez (anexo VI).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.30 h. do día 16 de marzo de 1998 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto